

FIGURAS HOMENAXEADAS

2024 Luísa Villalta Gómez
2023 Francisco Fernández del Riego
2022 Florencio Delgado Gurriarán
2021 Xela Arias Castaño
2020 Ricardo Carvalho Calero
2019 Antón Fraguas Fraguas
2018 M^a Victoria Moreno Márquez
2017 Carlos Casares Mouriño
2016 Manuel María
2015 Xosé Fernando Filgueira Valverde
2014 Xosé María Díaz Castro
2013 Roberto Vidal Bolaño
2012 Valentín Paz Andrade
2011 Lois Pereiro
2010 Uxío Novoneyra
2009 Ramón Piñeiro
2008 Xosé María Álvarez Blázquez
2007 María Mariño
2006 Manuel Lugrís Freire
2005 Manuel Lorenzo Varela
2004 Xaquín Lorenzo, Xocas
2003 Avilés de Taramancos
2002 Frei Martín Sarmiento
2001 Eladio Rodríguez González
2000 Manuel Murguía
1999 Roberto Blanco Torres
1998 Trobadores da ría de Vigo
1997 Ánxel Fole
1996 Xesús Ferro Couselo
1995 Rafael Dieste
1994 Luís Seoane
1993 Eduardo Blanco Amor
1992 Fermín Bouza-Brey
1991 Álvaro Cunqueiro
1990 Luís Pimentel

1989 Celso Emilio Ferreiro
1988 Otero Pedrayo
1987 Francisca Herrera Garrido
1986 Aquilino Iglesia Alvariño
1985 Antón Losada Diéguez
1984 Armando Cotarelo Valledor
1983 Manuel Leiras Pulpeiro
1982 Luís Amado Carballo
1981 Vicente Risco
1980 Afonso X o Sabio
1979 Manuel Antonio
1978 Antonio López Ferreiro
1977 Antón Villar Ponte
1976 Ramón Cabanillas
1975 Xoán Manuel Pintos
1974 Xoán Vicente Viqueira
1973 Manuel Lago González
1972 Valentín Lamas Carvajal
1971 Gonzalo López Abente
1970 Marcial Valladares Núñez
1969 Antonio Noriega Varela
1968 Florentino López Cuevillas
1967 Manuel Curros Enríquez
1966 Francisco Añón
1965 Eduardo Pondal
1964 Daniel Rodríguez Castelao
1963 Rosalía de Castro

PARA SABER MÁIS

<https://academia.gal/letras-galegas/2024/luisa-villalta>
<https://primaveradasletras.gal/>



**Luísa Villalta Gómez
(1957-2004)**

**Equipo de Dinamización da
Lingua Galega**

**CEIP Felipe de Castro
(Noia)**

HOMENAXEADA 2024

O plenario da Real Academia Galega (RAG) acordou dedicar o Día das Letras Galegas de 2024 a **Luísa Villalta Gómez (1957-2004)**

BIOGRAFÍA



Luísa Villalta Gómez naceu na Coruña, na rúa Vila de Laxe, o 15 de xullo de 1957. É a filla maior dunha familia de clase media, o pai, profesor mercantil, a nai, formada en comercio, imprimirán nas dúas fillas a afección pola música. Con oito anos comeza a formación no Conservatorio de Música da Coruña.

Dezaioito anos despois concluirá como titulada superior de violino. Estuda no colexio das Xosefinas e remata o curso de acceso á universidade no Instituto Eusebio da Guarda en 1973-74. Na Universidade de Santiago de Compostela licenciouse en Filoloxía Hispánica, Subsección de Galego-Portugués. en 1982.

En 1988 aproba o concurso-oposición de agregados de Bacharelato, segundo denominación da época, e exerceu como docente de galego en tres centros da provincia coruñesa: no IES Xosé Neira Vilas, de Perillo

en Oleiros, no IES Canido, de Ferrol e no IES Isaac Díaz Pardo, de Sada, onde rematou a súa traxectoria docente. Foi colaboradora en moitas publicacións e xornais galegos: A Nosa Terra, Man Común, Grial, Luzes de Galicia... O Libro das colunas recolle os seus artigos publicados no xornal A Nosa Terra.

Colaborou con entidades que defendían o noso idioma e formou parte, entre outras, da Asociación de Escritores en Lingua Galega e da Mesa pola Normalización Lingüística.

Tamén foi unha grande intérprete de violín, e en 1985 entrará a formar parte da Orquestra de Santiago de Compostela e posteriormente da Xove Orquestra de Galicia.

O seu primeiro libro foi unha obra de teatro, Concerto para un home só, ao que seguiron unha chea máis de libros de poesía, narrativa, teatro, ensaio...

Faleceu na Coruña o 6 de marzo de 2004, á idade de 46 anos, a causa dunha meninxite. Os seus restos descansan no cemiterio coruñés de Santo Amaro, onde foi despedida cun acto a cargo de escritores e poetas galegos, con poemas e música de violín.



O primeiro libro publicado de Luísa foi Concerto para un home só, una obre de teatro.


LIBRO DAS COLUNAS

EMIGRAR EN TERRA PROPIA

LUÍSA VILLALTA

É ben sabido que somos xente emigrante. Pero o que poucas veces se pensa é que para emigrar non fai falta moverse do sitio. E isto é o que nos pasa a nós, que somos emigrantes, saímos da terra ou non. O que acontece coa lingua é todo un síntoma do que estou dicindo, e até nin creo que sexa o único, pero si o máis dramático. Cóntanme dunha muller, amiga da nai dun alumno non moi estudioso, que se aprontou a darlle un consello: «Que non faga o parvo. E total para que quere o teu fillo o gallego? Co gallego non pasa de Astorga!» Como se o rapaz tivese xa feita a maleta. E, para ser de Burela a muller, aínda atinou bastante ben, cando menos en dirección Madrid, ela que nunca precisou tampouco de ir aí moi lonxe. Paréceme un exemplo elocuente dun sentir estendido. A lingua é a primeira estrada a coller se as cousas se poñen mal e, como moi ben nunca andan tampouco, pois hai que poñerse, por se acaso, permanentemente en camiño, non sexa que quedemos atrás.

...



Luísa Villalta